

Rap do Machismo

O machismo é unha cousa que non se pode permitir
aínda que haxa xente que opta por dicir
que é un costume que lle deixaron os seus antergos.
Pero nós podemos cambiar eses malos xestos!

Este tema a moita xente non lle importa
xa acostumados a escoitar "aparece unha muller morta"
a xente que porta o poder non di nada en contra
xa acostumados a non deixar de facerlles sombra

Mulleres maltratadas , alcemos todos a voz
para conseguir a igualdade que buscamos.
Eu admitoo, o camiño non será doado,
pero ao final erradicaremos o machismo deste mundo maltratado.

Pouco a pouco vamos a logralo
todos xuntos a un mesmo forte berro alzado
todos en contra desta inxustiza
que ten como nome machismo non deixemos xa que exista

Isto non será logrado se somos un grupo
ten que ser todo o mundo que estea ó tanto deste abuso
todos poderemos derruír estas barreiras
e romper destes actos as beiras

Ben isto é todo o que vos podo eu dicir
pero eu só non podo decidir
debemos erradicar o machismo
en todos eses homes que sofren de egoísmo no noso país.